

ASGADeD apoia as mobilizacións sindicais destes meses de abril e maio, por unhas condicións de traballo dignas nas residencias e centros de día

*Dende a Asociación en Defensa do Sistema Público da Dependencia e Discapacidade (ASGADeD), **queremos amosar o noso apoio e solidariedade coas traballadoras e traballadores das residencias privadas e os centros de día que están a loitar pola mellora das súas condicións salariais e laborais. A nosa Asociación, que ten a súa principal razón de ser na defensa dos intereses e a calidade dos coidados prestados ás persoas usuarias con discapacidade e/ou dependencia, solidarízase e apoia estas loitas sindicais porque somos plenamente conscientes da íntima relación que existe entre a calidade da atención aos usuarios e usuarias e o feito de que o persoal que traballa nas residencias e nos centros de día teña unhas condicións salariais e laborais dignas.***

A actual precariedade salarial e laboral das persoas que traballan na dependencia é un rechamante aspecto do sistema galego de dependencia, que está caracterizado por **uns salarios moi baixos e unhas cargas de traballo moi elevadas debido a uns ratios de persoal, por persoa usuaria, baixísimos e sen actualizar desde hai moitos anos.** Mentres, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia “deixa facer” as empresas do sector e limítase a actuar como un mero “esponsor” que lles transfire recursos públicos a esas empresas.

Existe unha clara relación entre os ratios de persoal das residencias e a calidade dos coidados prestados aos seus usuarios e usuarias. **O tempo que se dedica a cada persoa é o principal,** non o único mais si o máis importante, **determinante da calidade da atención prestada aos usuarios da dependencia,** e a realidade é que o persoal coidador sempre vai ás carreiras debido a que teñen que atender a demasiados usuarios en pouco tempo. A **alta prevalencia de infeccións urinarias ou de úlceras por presión**

que se dan nas residencias galegas (o estado español ten as cifras máis altas dos países da OCDE), está claramente asociada a que non é materialmente posíbel cambiar os cueiros ou mobilizar aos pacientes coa frecuencia que sería necesario. A **deshidratación e a desnutrición** que afecta con demasiada frecuencia a un bo número de usuarios das residencias, ten entre as súas causas a dificultade de dedicarlles aos pacientes que as sofren o tempo de coidados que precisan. E o **abuso do uso de suxeicións químicas e incluso físicas** que seguen existindo nalgúnhas residencias ten entre as súas causas máis relevantes a escaseza de persoal, que dificulta realizar o número de actos de coidados que se terían que realizar sen o recurso a esas suxeicións.

Por outra banda a precariedade salarial e das condicións de traballo nas residencias, son as causas principais da **inestabilidade dos cadros de persoal nas residencias**. A xente fuxe dun traballo esgotador, e que moi frecuentemente acaba causando problemas físicos serios a medio e longo prazo, e que por riba está moi mal pagado. A administración e as empresas privadas, con ou sen ánimo de lucro, argumentan que é moi difícil topar persoas que queiran traballar nas residencias, mais o que non din é que a causa fundamental de que isto ocorra é que **as condicións salariais e laborais que ofertan son dunha alta precariedade**.

Por todo isto, ASGADeD apoia e solidarízase cos mobilizacións sindicais convocadas, durante os meses de abril e maio, en defensa dun convenio xusto para o persoal das residencias privadas e centros de día.

16/04/2025